



Identificación del Registro y Funcionario REGISTRO MARIA PITA EMR.		SELLO DE ENTRADA Fecha:19/08/2020 Número:38392  15030 A RMPE140TMF
Código del Asiento RMPE140TMF	Fecha y Hora de Registro 19/08/2020 11:44:06	

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

19/08/2020 11:44:06 nº38392

EXTRACTO (Contenido del escrito)

ADJUNTA DOCUMENTACION EN RELACION A INSCRIPCION EN REGISTRO DE PLANEAMIENTO URBANISTICO DE ESTUDIO DETALLE CTRA BAÑOS ARTEIXO 34

INTERESADOS

PRI: CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA <---> EDIF ADM. SAN CAETANO, S/N - SANTIAGO DE COMPOSTELA - A CORUÑA

DOCUMENTACIÓN APORTADA

3Z4H650F5K1Z6Y100RLZ - Solicitud general
Original electrónico

3Q1F034Y34513M6B004E - Documentación adicional
Original electrónico

4K3S100Z1H3F0B030OCG -
Copia

64060R4Z6I086D2X1DAM -
Original electrónico

Este justificante deberá ser presentado para obtener cualquier información sobre el escrito al que hace referencia.

LEYENDA: [F]Funcionario [N]Negociado [O]Otros [PRI]Principal [REP]Representante [SEC]Secundario



Concello da Coruña
Praza Maria Pita Nº1
15001 A Coruña

Consonte co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, xunto remíttolle a seguinte documentación:

.- Resolución de inscrición no Rexistro de Planeamento do estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), do Concello da Coruña, de data do 19 de agosto de 2020.

.- Certificado de data 19 de agosto de 2020 da correspondente inscrición no rexistro.

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
(P.D. Resolución 10.08.2020)

A subdirectora xeral de Ordenación do Territorio
María Gil Liñares



RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA

Con data do 19 de agosto de 2020, a xefa de Sección emitiu o seguinte Informe-proposta de Resolución:

“Vista a documentación remitida polo Concello da Coruña, solicitando a inscrición do estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), dese concello, no Rexistro de Planeamento, e con fundamento nos seguintes:

ANTECEDENTES:

1º- Por acordo do pleno do Concello da Coruña, de data do 2 de xullo de 2020, prestouse aprobación definitiva ao estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), do Concello da Coruña.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que os instrumentos de planeamento urbanístico, unha vez aprobados definitivamente, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* o acordo correspondente, deberán inscribirse no rexistro que, para tal efecto, se constituirá na consellaría competente en materia de urbanismo.

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG) contén nos seus artigos 208 e seguintes a regulación do Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

SEGUNDO.- Consonte co establecido no artigo 209.2.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, a inscrición no rexistro será obrigatoria e producirase a instancia do concello respectivo respecto dos instrumentos de planeamento cuxa aprobación definitiva lles corresponda.

En virtude do disposto no artigo 212.2 do RLSG o concello con data do 11 de xullo de 2020 remitiu a documentación esixida para a inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

TERCEIRO.- A inscrición dos instrumentos de planeamento no rexistro, incluídas as súas modificacións, deixará constancia da súa existencia, contido e datas de aprobación e será condición para a publicación da súa normativa no *Boletín Oficial* correspondente, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.



A inscrición no rexistro de planeamento urbanístico é un acto formal que goza de independencia respecto das facultades atribuídas pola lexislación de réxime local para proceder ao requirimento de anulación dos actos e acordos das corporacións locais.

CUARTO.- Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o exercicio de todas as competencias relativas á xestión do Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, conforme co sinalado no artigo 208.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e do artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

Na súa virtude, e de conformidade coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 42/2019, do 28 de marzo e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro e demais preceptos de pertinente e xeral aplicación"

De acordo coa proposta da xefa de Sección de data do 19 de agosto de 2020, RESOLVO:

Ordenar a inscrición do estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), do Concello da Coruña, no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, co número de rexistro RPG 00051/2020, no Libro I, Tomo IV, folia rexistral nº 40.

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
(P.D. Resolución 10.08.2020)
A subdirectora xeral de Ordenación do Territorio
María Gil Liñares





CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia emítese a presente certificación para facer constar que:

1.- Por resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 19 de agosto de 2020, procedeuse á inscrición do estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), do Concello da Coruña.

2.- O estudo de detalle na estrada Baños de Arteixo, número 34, no polígono da Grela, promovido por Showa Denko Carbón Spain, S.A. (expediente 631/2019/77), do Concello da Coruña, figura inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, no Libro I, Tomo IV, folia rexistral 40, co número RPG 00051/2020, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deixando constancia da súa existencia e seguinte contido:

Número de rexistro:	
RPG 00051/2020	
Denominación do instrumento de planeamento: ESTUDIO DE DETALLE NA ESTRADA BAÑOS DE ARTEIXO, NÚMERO 34, NO POLÍGONO DA GRELA, PROMOVIDO POR SHOWA DENKO CARBÓN SPAIN, S.A. (EXPEDIENTE 631/2019/77).	Concello: CORUÑA, A
COMPETENCIA APROBACIÓN DEFINITIVA	☒ MUNICIPAL
	☐ AUTONÓMICA
DATA DE APROBACIÓN DEFINITIVA	02/07/2020
DATA PUBLICACIÓN DOGA	16/07/2020
DATA INSCRIPCIÓN	19/08/2020

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
(P.D. Resolución 10.08.2020)

A subdirectora xeral de Ordenación do Territorio
María Gil Liñares



Xacobeo 2021

